

XORNADA EN CALDAS CONTRA O ENCORO

O colectivo ecoloxista A Fervenza de Caldas está a organizar diversas accións contra o encoro previsto no Plano Hidrolóxico da Xunta. A finais de marzo celebrou-se no auditorio municipal unha charla colóquio na que participaron, Xesús Pereiras de ADEGA, o Enxeñeiro municipal de Pontevedra Sr. Quintela, o arquitecto paisaxista García Sarandeses, a Teniente de Alcalde do concello de Caldas, non asistindo ningún representante da Xunta dos que foron convidados. Todos os participantes coincidiron en que o encoro non era unha alternativa ecolóxicamente axeitada para solucionar os problemas de enchentes que periódicamente padece a vila, e que había que buscar outras alternativas que non supuxeran unha ameaza para o medio natural e para a poboación caldense.


OS PROXECTOS DE CIRCUNVALACION DA N-525 EN SILLEDA AMIAZAN A MELLOR CARBALLEIRA DA ZONA

O MOPTMA, en acordo coa alcaldía de Silleda, está a estudar a construción dunha variante para a carretera N-525 ao seu paso por Silleda. A Asociación Naturalista ANIDA argumenta que o proxecto non ten en conta a existencia das novas vías de comunicación recentemente criadas, nen a próxima construción da autovía Santiago-Ourense, aspectos que anulan os argumentos utilizados polas autoridades. Calquera das variantes alternativas destruírían un dos mellores bosques de caducifolios que se conservan nas inmediacións da vila. Fauna e flora verían-se gravemente ameazadas polo novo vial, que afectaría tamén a poboación rural na súa mobilidade e á gandería da zona. A vila perdería a súa área natural de esparcemento máis próxima. ANIDA, así como Adegas e varios colectivos veciñais, presentaron recentemente alegacións a este proxecto e manifestaron a súa rotunda oposición a calquera das alternativas propostas.

XI ASEMBLEA DE GRUPOS ECOLOXISTAS E NATURALISTAS DE GALIZA

Terá lugar ao longo dos días 7 e 8 de maio en Silleda, organizada nesta vegada polo grupo Naturalista ANIDA. O día 7 debatirase o informe de actividades e o balanço económico e de xestión, así como as propostas de resolución que saxan presentadas polos grupos para a súa aprobación. Procederá-se á elección da nova Comisión Permanente. O día

OS DOMINGOS ESQUEZO A MIÑA FÁBRICA, E SOM ECOLOXISTA A TOPE



8 está prevista a reunión das diferentes Comisións ou grupos de traballo: Resíduos, Educación medioambiental... e **Desenvolvemento rural**. Este último constitúe o tema central de debate na XI Asemblea, ademais de ser a primeira vez que se enfronta de forma específica.

XORNADAS CONTRA A DESERTIZACION

"Finalmente chegou a concentración parcelaria que, nestes días arrasa con todo. Camiños vellos, muros e muradellas, restos arqueolóxicos. E sobre todo destrúe as masas de carballos, as devesas verdes e rumorosas que fan das Veigas da Límia un dédalo de currunchos frescos e encantadores coma un "locus amoenus" do Renacemento."

X.L. Méndez Ferrín
(Faro de Vigo, 21-3-94)

Os pasados 18 e 19 de marzo tiveron lugar no Ateneo de Ourense as Xornadas organizadas pola Plataforma contra a Desertización, que, baixo o lema *desertización=perda de identidade*, se centraron na análise e divulgación da problemática ambiental orixinada polas concentracións parcelarias. As Xornadas, tras un percorrido-visita polas terras limiadas para coñecer in situ a problemática, contaron coa presenza de Carlos Vales, Joaquín Araujo e Roxélio Pérez Moreira o sábado á tarde, e con Mario Rodríguez, Antonio Villarino, Manuel Mandianes e o alén miñoto Pai Fontes. Posteriormente celebrárase unha mesa redonda, á que estaban convidados os Directores Xerais de Medio Ambiente Natural, de Estructuras Agrarias e do

Patrimonio, mas que optaron por non apareceren.

As análises de diferentes aspectos do medio ecolóxico e da situación social, así como dos efectos das concentracións parcelarias, a través de material gráfico, principalmente na zona da Límia, permitiron aos asistentes facer-se unha idea clara da magnitude do desastre ecolóxico que se está a consumir. As concentracións parcelarias empobrecen gravemente a diversidade faunística e florística, deterioran os recursos hídricos e incrementan fortemente a erosión. As concentracións están a borrar as pegadas da historia escrita nas terras, nos valados e nos camiños, destruindo a paisaxe, a máxima obra cultural de Galiza.

No debate coincidiu-se na apreciación da falta de senso económico destas actuacións, xustificadas en teoría coa finalidade de incrementar a superficie agrícola e de facilitar as tarefas, nun mundo no que a poboación activa e cada vez menor e moitas das terras concentradas fican a baldío. Porén, un dos ponentes afirmou que lle constava a existencia de plans e obxectivos concretos para estas concentracións, non revelados, e que consistirían en preparar o camiño para o arrendamento das propiedades ás multinacionais (para cultivos forestais?). Entre as conclusións, figura a oposición total dos presentes ás concentracións parcelarias tal como se están a facer hoxe, e a existencia de estudos de impacto ambiental, e dun estudo económico que as aconselle, aspectos que hoxe non se teñen en conta. En todo caso, debería-se respetar no posíbel a orografía do terreo, os camiños e os ríos e regatos tradicionais, e limitar a concentración ás zonas hoxe dedicadas á agricultura. A concentración por *prazas* ou *agras* considera-se como unha alternativa técnica viábel e que limitaría grandemente o impacto ambiental. ■